

Expediente 983/2022

**CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO
EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: EXAME TIPO TEST**

Proceso de selección para a provisión en propiedade da praza vacante con código 02.01.00.02, de Traballador/a Social, da Escala de Administración Especial, Clase Técnica, Grupo A, Subgrupo A2, mediante quenda libre, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2019, publicada no DOG nº 32, de 17 de febreiro de 2020. Bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra de 10 de marzo de 2022.

Faise público que o Tribunal de Selección nomeado por Decreto de alcaldía nº 1311/2022 de 16 de xuño, e constituído polas seguintes persoas:

Presidente: D^a. Ana María Aldrey Pereira

Secretario: Carlos López Quintáns

Vogais:

D^a. Ana Isabel Amoedo Garrido

D^a. Mónica Rodríguez Palacio

D^a. Margarita Viña Santos

ACORDOU de conformidade cos apartados 8º e 10º das bases de selección, que a realización do EXAME TIPO TEST (primeiro exercicio da fase de oposición), teña lugar o día 13 de setembro de 2022 ás 11:30 horas na AULA Nº 3 do Centro de Desenvolvemento Local en Ponteareas.

Dirección: Lomba do Cruceiro, 5 - RIBADETEA - 36866 - Ponteareas Pontevedra)

<https://www.paxinasgalegas.es/centro-de-desenvolvemento-local-183767em.html>

Tal como establece a base 8ª, o primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 50 preguntas, con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, con 6 preguntas de reserva.



Neste exercicio cada pregunta constará de catro posibles respostas, sendo soamente unha correcta, penalizando cunha resposta correcta cada tres respostas incorrectas e non puntuando as preguntas non contestadas. A puntuación máxima por este exercicio 20 puntos sendo preciso obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar o exercicio previstas do DNI, bolígrafo azul e lapis.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, para o cal o tribunal poderá utilizar os medios que considere oportunos.

As puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse no taboleiro de anuncios na páxina web; as persoas aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das respostas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas. Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas, ou transcorrido o citado prazo convocaranse as e os aspirantes que o superaron para a realización dos seguintes exercicios.

Os membros do tribunal de selección quedan convocados para o día 13 de setembro de 2022 ás 9:15 horas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de mero trámite, non cabe recurso algún.

O secretario do tribunal
Carlos López Quintáns

Documento asinado electronicamente

